



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

ACTA Nº 9/2020

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

ROVINCIA DE A CORUÑA

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E NOVE DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE.**

En Ordes, a vinte e nove de outubro de dous mil vinte.

No Salón de Actos da Casa da Cultura, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D<sup>a</sup>. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES.
- D. JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ.
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA.
- D<sup>a</sup>. YESSICA LÓPEZ VARELA.
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ.
- D<sup>a</sup>. SUSANA GARCÍA GÓMEZ.
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL.
- D. JOSÉ ANTONIO CABEZA FRAGA.
- D. PABLO VIDAL RÍOS.
- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO.
- D. MANUEL IGLESIAS VIEITES.
- D. MARCOS FERNÁNDEZ LOURO.
- D. AITOR RIBADAS GÓMEZ.
- D. FERNANDO VIQUEIRA NOUCHE.
- D<sup>a</sup>. CARMEN MARÍA FERREIRO VILLAVERDE.

Non asiste:

- D<sup>a</sup>. MARÍA JESÚS REGUEIRO GARCÍA.

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

### **PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria, de data 23 de setembro de 2020, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A acta da sesión ordinaria, de data 23 de setembro de 2020, resultou aprobada por maioría de quince votos a favor, coa abstención do Sr. Cabeza Fraga, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, coa corrección sinalada polo Sr. Alcalde.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

### 2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dáse conta da actuación municipal seguinte:

- Efectuouse a última amortización do POS+, préstamo. A día de hoxe a débeda viva, débeda bancaria sitúase con data 29/10/2020 en 712.000,00 € e o saldo en contas bancarias en 5.079.000 €.

Os Srs. Concelleiros danse por decatados.

### 3. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 23 de setembro de 2020, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decatado.

### 4. MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que presenta a moción que se transcribe a continuación:

“O Concello de Ordes na actualidade encóntrase en alerta vermella debido a un incremento considerable de contaxios por Covid-19 entre os seus habitantes.

A limpeza e desinfección de determinados lugares e útiles pode axudar a frear a propagación do virus no noso termo municipal. Levar a cabo estas tarefas de limpeza e desinfección extraordinarias supoñen un elevado sobrecoste para as arcas municipais.

Dende Unión por Ordes cremos que salvagardar a saúde dos nosos veciños/as é fundamental e máis no actual escenario no que estamos inmersos por mor deste virus. É polo que entendemos que todos os recursos tanto económicos, como de persoal ou materiais que poidamos demandar ao resto de administracións serán útiles para, na medida do posible, garantir a saúde dos habitantes do Concello e intentar saír desta situación á maior brevidade posible.

Acordos

- A corporación municipal do Concello de Ordes insta á Xunta de Galicia a que se encargue ou colabore na realización de tarefas de desinfección en lugares de risco elevado de



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

contaxios (colexios, residencia de maiores, inmediacións do centros de saúde e os distintos espazos municipais que poidan supoñer un foco de contaxios, ...etc.) ou ben que dote o Concello de Ordes dos recursos económicos necesarios para realizar estas tarefas.

- A corporación municipal do Concello de Ordes insta á Xunta de Galicia a reforzar o servizo de limpeza e desinfección nos institutos da vila por mor da situación extraordinaria que estamos a vivir no noso municipio”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 3 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que con carácter previo a votar a moción sería necesario coñecer que medidas se están a aplicar para seguidamente instar á Xunta a esa desinfección. En función da resposta do Sr. Alcalde será o seu voto a esta moción.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que comparten o fondo. O goberno galego debería poñer recursos a disposición dos concellos para esta situación que estamos a vivir ven sexa con reforzos ou intensificar as tarefas de limpeza cara os colectivos do sector servizos afectados. O concello ten recursos propios, recentemente aprobáronse uns orzamentos nos que o goberno local facendo uso lexítimo da súa maioría absoluta aprobou un determinado proxecto que igual non priorizou todo o que debera este tipo de actuacións. Lembrar que hai recursos, hai nos bancos cinco millóns de euros, haberá que votar man deles de algunha maneira. Hai unha serie de limitacións legais, non sabemos como outros concellos si que conseguen facendo uso dese tipo de superávits e nos os seguimos tendo aí no banco.

Intervén a Sra. García Gómez, en nome do goberno municipal, que sinala que hai que distinguir dúas cousas. Con respecto ao primeiro acordo que están a plantexar, todo o que abrangue a desinfección en lugares de risco elevado de contaxios, isto é competencia municipal e se está a facer dende o primeiro momento. Vostedes están perfectamente informados. O protocolo Covid obriga a duplicar a limpeza nos colexios, encargaron tamén a desinfección dos patios dos colexios tres veces á semana. O primeiro punto xa está contemplado. O goberno municipal está moi preocupado e traballando dende o primeiro día para que Ordes non sexa un foco de infección. Na segunda parte, o mesmo protocolo que cubre aos colexios cubre aos institutos, son competencia da Xunta de Galicia, teñen duplicada tamén a limpeza e desinfección.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que o servizo de limpeza dos colexios e un servizo que se presta por unha empresa privada, por facer esas labores de limpeza e desinfección hai que pagarlle, é unha situación extraordinaria. Como di a Xunta de Galicia hai que desinfectar tres veces ao día. Hai gastos non so de persoal, hai que dotalos de epis, ser meticulosos con novos produtos. Para as arcas municipais vai a ser un



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

custe moi elevado. Como dixo o Presidente da Xunta de Galicia a pandemia durará como mínimo dous anos, se non temos recursos doutras administracións eses cartos que van a destinar a esa limpeza de espazos municipais van a ter que recaer sobre as arcas municipais. A Xunta de Galicia debe axudar a levar a cabo esas limpeza. Os institutos non sabe se se incrementou o cadro de persoal para non cargar con máis tarefas aos traballadores. Dar as gracias a todos os traballadores que levan a cabo estas tarefas de desinfección.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que se entende que se están a levar a cabo unhas medidas mínimas, non coñece ningún foco de infección ou contaxio nos colexios, é certo que vai a ser un custe importante. Nalgún momento haberá que facer algunha modificación nos orzamentos. Agradecer tamén a todos os servizos de limpeza por involucrase neste traballo.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que a Xunta de Galicia debería poñer máis recursos a disposición dos concellos, pero reiteran o mesmo en Ordes, incrementáronse as dotacións de limpeza con respecto ao que había, pero é suficiente para cumprir todos os protocolos que se esixen por exemplo en equipos deportivos, o vai a aplicar o concello de Ordes, o terá que negociar cos clubes, non sabe o grao de desinfección que houbo na residencia de maiores e noutros edificios municipais. Non se trata so do ensino. É obvio que vai a supor un sobre custe, que a Xunta non nos da recursos, teremos que recorrer ás arcas municipais facendo modificacións de créditos, utilizando remanentes ou o que sexa. É algo necesario. Van a apoiar a moción por que consideran necesario que para este tipo de labouras a Xunta aporte recursos.

Intervén a Sra. García Gómez, en nome do goberno municipal, que sinala se se lle esta a preguntar se se incrementaron os gastos para a desinfección. Duplicaron a limpeza nos colexios e en todos os edificios público municipais, pavillóns, escola de música, ...etc. Descoñecen que dende o ano 2009 hai un pacto entre a FEGAMP e a Xunta para que a limpeza e desinfección dos colexios sexa unha obriga dos concellos. Son os concellos os que teñen que asumir esa responsabilidade. Dende a Xunta de Galicia enviouse epis, mamparas para os institutos, aumentouse o número de profesores. Están a coordinarse coas Anpas, Centro de Saúde, Consellería de Educación e Sanidade. Non se están a escatimar recursos para evitar a propagación de virus. O Fondo de Compensación Local vai a incrementarse un 6% para o ano 2021. Non lle encontra sentido unha moción cuns acordos que xa se están a desenvolver, polo que van a votar en contra da mesma.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de nove votos en contra (grupo político PP), cinco votos a favor (2 grupo político BNG, 3 grupo político UXO), e coas abstencións (2 grupo político PSdeG-PSOE) sendo dezasete o número legal dos seus membros, rexeitou a moción presentada polo grupo político UxO.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que presenta a moción que se transcribe a continuación:

“A senda peonil que transcorre pola prolongación da Rúa dos Lagartos morre na rotonda de Lavandeira. Na actualidade estase a construír a senda peonil a Poulo a través da estrada AC-524, mais non está previsto executar ningún tipo de enlace coa senda peonil da prolongación da Rúa dos Lagartos.

Una solución lóxica para acadar o citado enlace, podería ser a instalación dun paso peonil, que regulase o tránsito mediante semáforos con botón, cuxo mellor emprazamento correspondería determinalo á administración titular da estrada, neste caso á Xunta de Galicia.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

Dado que tal e como ven de anunciarse nos medios, a Xunta de Galicia está a iniciar a elaboración dos orzamentos do ano 2021, consideramos oportuno que o pleno da corporación municipal se pronuncie acerca da necesidade de dito investimento, para así trasladarlllo, e intentar conseguir que o mesmo veña recollido para a citada anualidade.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1.- O pleno da corporación municipal considera necesaria a dotación dun enlace entre as sendas peonís prolongación da rúa dos lagartos – Poulo pola AC-524.

2.- O pleno da corporación municipal solicita á Xunta de Galicia que nos orzamentos do ano 2021, figure unha partida con dotación suficiente como para poder acometer o enlace entre as sendas peonís prolongación da rúa dos lagartos – Poulo pola AC-524.

3.- Dar traslado do presente acordo a tódolos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 3 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que o que sexa facilitar á veciñanza a circulación peonil, están a favor. Discrepa no semáforo de botón, sería bo buscar outro método. Non van a votar en contra.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UXO, que sinala que analizaron o sitio onde se pretende ubicar este paso, o ven ben, pode ser unha obra boa para os veciños. Hai que facer un estudo técnico para ver se é viable.

Intervén o Sr. Alcalde, en nome do goberno municipal, que sinala que ese é o quid da cuestión, non é viable. Trae unha idea que ninguén lle vai a sacar da súa cabeza que é boa. Cando se fixo o proxecto xa foi plantexado, xa foi analizado. Non se puido contemplar por parte dos técnicos por que incumpre a instrución de estradas autonómica vixente. Os veciños da zona achegáronse ao concello, fíxoselles saber o que trasladaron os técnicos da administración autonómica e o técnico redactor do proxecto. A instrución de estradas di que se se poden habilitar pasos de peóns en treitos urbanos cando se cumpran as condicións de que a velocidade non sexa superior a 50 Qm/h, as condicións de visibilidade e parada na normativa vixente, que o treito conte con beirarrúas e que o paso conte con iluminación. O treito no que se solicita o paso de peóns non é un treito urbano aprobado pola AXI. Non se pode situar un paso de peóns entre a rotonda da estrada da Deputación e a estrada AC-524. O que plantexa dende o punto de vista técnico é inviable. Non lle poden admitir a moción. Ten sentido dende fora pero non vai haber técnico que informe favorable este paso de peóns. Van a votar en contra, defender a legalidade do que plantexan os técnicos da administración autonómica.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que é un treito con beirarrúas, hai unha delimitación de núcleo rural por alí. Fagamos un paso previo, modificando o acordo final solicitando que se recolla este treito como treito urbano. Conseguido isto solicitarase a concesión do paso peonil.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o informe previo a aprobación inicial do PXOM impiden a ampliación da delimitación do casco urbano municipal. A inclusión nun solo urbanizable non resolve a situación

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que o Ceidón é núcleo rural, hai beirarrúas, solicítese a inclusión do treito urbano no núcleo rural. Non se perde nada por solicitalo, o non xa o teñen. Propoñen que se modifique o acordo final, solicitan que se demande á xunta de Galicia que declare este treito alí na AC-524, entre a rotonda de Lavandeira á rotonda do Paraíso como treito urbano.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que visto que a viabilidade é bastante nula. Habería que cambiar moitas normas.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que como dixeron na primeira intervención creen que a idea é boa, pode ser beneficioso. Ante o informe do Sr. Alcalde valeríalles a modificación que dixo o Sr. Vidal Ríos. Intentalo pola segunda vía.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que ante un incumprimento flagrante da instrución de estradas non van a chegar a un acordo que son contrarios á norma. Van a votar en contra. Non van a discutir ao respecto. Está máis que falado e analizado cos técnicos. Non se pode facer tampouco o cambio que plantexa. A solución a adoptar no ano 2021 e continuar a senda peonil na outra marxe da AC-524 ata estrada da Deputación. Non se vai a xerar un paso de peóns nun punto perigoso. É o que esta falado coa AXI, que se falou na última reunión mantida do PXOM para o desenvolvemento do S-13. Non se lle vai a mandar á AXI un plantexamento distinto do que se ten negociado para sacar adiante o PXOM. O seu voto vai a ser en contra. Non van a cambiar o criterio.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de nove votos en contra (grupo político PP), cinco votos a favor (2 grupo político BNG, 3 grupo político UXO), e coas abstencións (2 grupo político PSdeG-PSOE) sendo dezasete o número legal dos seus membros, rexeitou a moción presentada polo grupo político BNG.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que presenta a moción que se transcribe a continuación:

“A revisión catastral levada a cabo no ano 2013, leva aparellada unha suba ano a ano do recibo do IBI ata que no 2023 remate a redución sobre a base liquidable, que en moitos casos está a afogar a economía da veciñanza de Ordes.

Compre reducir o tipo impositivo da ordenanza fiscal Nº1, reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis, para ir compensando a suba desproporcionada deste tributo, máis nun momento como o actual, onde moitas familias están pasando graves apuros económicos.

Analizando simplemente as previsións do concello de Ordes en relación á recadación do IBI nos presupostos dos últimos anos, sen ter en conta o IBI dos bens con características especiais, obtemos que:



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

ANO	IBI RUSTICA	IBI URBANA	TOTAL
2020	293.000 €	2.130.000 €	2.423.000 €
2019 (inclúe atrasos revisión 2016)	333.000 €	2.149.000 €	2.482.000 €
2018	266.000 €	2.047.000 €	2.313.000 €
2017	238.000 €	1.852.000 €	2.090.800 €
2016	240.000 €	1.773.832,75 €	2.013.832,75 €

Isto, como dicimos, tendo en conta unicamente as previsións que figuran nos orzamentos de cada ano, xa que a liquidación de ingresos de cada ano, recolle cifras en moitos casos superiores, pero empregando ditos datos, non poderíamos efectuar a comparación co ano 2020 que está a rematar.

Analizando os datos, estamos a falar de que o recibo do IBI subiulle a veciñanza en torno a un 20% desde o ano 2016.

Non fai falla lembrar o contexto no que estamos e o que suporá o ano 2020 para os futuros anos logo da pandemia pola Covid-19, e supoñemos que é comprensible que cómpre actuar desde as administracións para minimizar o impacto que esta situación poida ter. É polo que desde o BNG de Ordes consideramos preciso levar a cabo unha redución importante e notoria do tipo impositivo do IBI, logo dunha suba dun 20% nestes últimos anos.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1.- O pleno da corporación municipal insta ao alcalde de Ordes a convocar a Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal, para tratar no pleno ordinario do mes de novembro de 2020, a modificación da ordenanza fiscal Nº1, reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis; co gallo de procurar unha redución do tipo impositivo a aplicar no ano 2021, que á súa vez consiga unha redución da recadación que o concello de Ordes efectúa pola aplicación do tributo”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta non resultou apreciada por maioría de nove votos en contra ( grupo político PP) e sete votos a favor (2 grupo político BNG, 3 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, non procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa está feito o estudo para o estudo impositivo para a modificación de ordenanzas fiscais e xa se vai a celebrar a Comisión Informativa este venres. Cando corresponda non pleno, tanto o que se trae na exposición de motivos como os acordos a adoptar os poderán explicar, como tamén na Comisión Informativa.

### 5. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- Galicia tivo un forte desenvolvemento eólico dende ou ano 1997 ata ou 2008 grazas a existencia de recurso eólico non noso territorio e a un marco regulador que favoreceu a implantación de centrais eólicas.

Coa entrada non goberno do PP de Alberto Núñez Feijóo, chegou a falla de aposta polo sector, unido á inseguridade xurídica creada polo novo goberno da Xunta de Galicia, todo isto sumado as políticas de bloqueo ás enerxías renovables que levaron a cabo dende ou Goberno do Estado baixo a Presidencia de Mariano Rajoy, chegou a paralización do crecemento do sector eólico ata o ano 2018. Dende o ano 2009 ata o 2018, ambos incluídos, só foron instalados 277 MW. Isto supuxo unha perda millonaria na investimento en Galicia e a creación de miles de postos de traballo.

Non ano 2019, volveu a Galicia ou crecemento da potencia instalada en parques eólicos, con 415,24 MW e 18 parques novos, case ou dobre do instalado nos 10 anos anteriores e no 2020 chegarase a preto dous 4.000 MW no noso territorio.

As previsións para ou decenio 2020-2030 apuntan a que se construírán uns 4.500 MW novos, ou que suporá máis do dobre da potencia instalada actualmente.

O éxito da instalación desa potencia eólica, foi resultado dun marco regulatorio moi determinado, sobre todo a declaración de utilidade pública para os proxectos e a afectación dos terreos, que foi determinante nos distintos procesos de expropiación, este marco regulatorio tivo aspectos positivos, pois incrementou a capacidade instalada e axudou a loitar contra o cambio climático, pero introduciu desigualdades na negociación e unha falla de transparencia cara os propietarios, comunidades rurais e concellos.

A regulación da Xunta de Galicia contemplaba que os beneficios da eólica debían ser repartidos, a través de plans industriais ou dun plan de fomento da enerxía solar, pero moitos dos operadores carecían de plan industrial e outros non realizaron as achegas para ese fomento da enerxía solar. A Xunta de Galicia contemplou certos beneficios comunitarios, de maneira indirecta, pero finalmente non exerceu a súa función fiscalizadora ante os incumprimentos das empresas. De igual maneira, tamén houbo incumprimentos no relativo ao impacto ambiental, pois o 50% desa potencia instalada está en zonas da Rede Natura.

En moitos lugares o éxito no crecemento da instalación de parques eólicos, foi consecuencia da falla de oposición social, derivada dunha alta participación comunitaria e individual, pero en Galicia conseguiu levar a cabo sen dita participación, causando co tempo conflitos sociais e medioambientais, como figura no propio informe da Valedora do Pobo presentado fai poucas datas e as mobilizacións sociais que existen polos concellos afectados e polo que compre actuar.

Nestes momentos no que ou sector está a experimentar un relanzamento, para o PSdeG-PSOE é importante non repetir os erros cometidos no pasado, equilibrando a negociación entre as empresas instaladoras e os propietarios, nun proceso transparente que sexa unha ferramenta máis para loitar contra o despoboamento do noso rural. O marco regulador concede ao promotor a posibilidade de camiñar cara a





## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

expropiación, coa solicitude de declaración de utilidade pública dos parques, incidindo negativamente sobre os propietarios na negociación sobre as rendas que lles pagan. A administración autonómica non fomenta mecanismos de transparencia e información cara os propietarios, comunidades locais e concellos. As autorizacións de explotación eólica carecen de data de caducidade. A veciñanza, comunidades e concellos non reciben a compensación axeitada pola instalación dos parques no seu territorio. A protección ambiental do territorio é deficiente, coa implantación e repotenciación dos parques en lugares próximos ás vivendas e zonas que deberan estar máis protexidas. Non concede a dito mundo rural nin aos seus propietarios de capacidade de decisión sobre a posta en marcha dous parques e non deixou aos axentes rurais capacidade para poder formar parte da planificación do desenvolvemento eólico e fórmulas para autoxestionar o recurso do vento, que se existen noutros países.

Compre traballar entre todos para elaboración dun modelo eólico integral coa participación de todos os sectores implicados, que poña solución aos problemas plantexados.

Por todo ou exposto, ou Grupo Municipal Socialista do Concello de Ordes roga a o Sr. Alcalde para que:

Inste ao Goberno da Xunta de Galicia á elaboración dun Modelo Eólico Integral coa participación de todos os sectores implicados, que poña solución aos problemas plantexados e conteña as seguintes propostas:

No ámbito económico:

- Establecer os tipos de gravame nos máximos permitidos para os impostos de xestión municipal vinculados coa actividade eólica.
- Establecer no Canon Eólico e no Fondo de Compensación Ambiental, que dito canon sexa establecido pola potencia instalada do parque eólico.
- Utilizar integramente o Canon Eólico para actuar sobre as melloras na contorna dos parques eólicos.
- Introducción de protocolos de intercambio de información cos actores locais para maximizar ou impacto económico no territorio afectado.

No ámbito da transparencia e participación:

- Fomentar un “contrato tipo” para favorecer a transparencia e garantías dos propietarios rurais.
- Fomentar fórmulas de negociación previa entre promotor e propietario previas a un posible inicio de procedemento expropiatorio, co obxectivo de favorecer unha negociación equilibrada.
- Crear unha base pública de información dúas prezos alcanzados nas negociacións entre as partes afectadas.
- Reforzar o sistema de asesoramento da administración autonómica para axilizar as demandas de información por parte das comunidades afectadas

Non ámbito ambiental:

- Mellorar vos mecanismos sobre as garantías medioambientais dos territorios afectados pola instalación de parques eólicos ou a repotenciación dos existentes, coa protección do territorio pertencente á Rede Natura e as súas futuras expansións.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

- Implementar mecanismos de información e asesoramento ambiental para as comunidades afectadas pola implantación de parques eólicos

No ámbito da planificación, en coordinación co Goberno do Estado:

- Deseño de figuras específicas para o fomento de parques eólicos comunitarios, reservando unha bolsa de MW anuais para a súa posta en marcha.
- Recuperar a figura dos parques eólicos singulares ou outra figura de propiedade pública municipal.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se toma en consideración e así será remitido á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia

- A petición de veciños das aldeas de Leira, Guindiboo e Santa Cruz de Montaos, localidades polas que discorre a Nacional 550, e tras amosar o seu malestar e temor a hora de cruzar esta estrada nas súas parroquias por carecer de pasos de peóns adecuados, formulo o seguinte ROGO

Que o Sr. Alcalde solicite ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana os demandados pasos de peóns para facilitar a mobilidade e protexer os viandantes de ditas zonas facendo que o cruce de dita estrada sexa seguro para os peóns e para os vehículos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se dará traslado, é necesario que se dean os pqs concretos para que a policía local faga un informe previo para a súa remisión. Non é fácil que se faga un paso de peóns na N-550.

- Tras recibir as queixas de varios veciños da aldea do Outeiro, parroquia de Poulo, que están a ter problemas coa auga, xa que todos os veráns lles secan os pozos e teñen que recorrer a coller auga do río co tractor ao non ter acceso á auga da traída por non chegar a esa zona, formulo o seguinte ROGO

Que o Sr. Alcalde tramite as obras pertinentes para levar a auga da traída a esta zona

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a obra xa esta rematada dende este mes, está pendente a colocación do grupo de presión para que poida entrar en funcionamento. Está a mesma cota que os depósitos de Merelle, por iso é precisa a instalación do grupo de presión.

- Chegan á nosa agrupación peticións de diferentes negocios de hostalería instalados no centro da vila polos que dan queixa das poucas facilidades que teñen á hora de depositar o lixo para a súa recollida, xa que os únicos colectores de lixo próximos cos que contan son os subterráneos instalados a carón da alameda, pero estes, ao non contar con portas para bolsas grandes, fai que teñan que baleirar o contido das bolsas industriais que eles utilizan noutras mais pequenas. A iso hai que engadir a prohibición de non poder deixar o lixo para a súa recollida na rúa, por todo o cal formulo o seguinte ROGO:



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

Que o Sr. Alcalde teña en consideración a instalación de portas mais amplas nos colectores de lixo subterráneos para facilitar aos hostaleiros a tarefa de depositar os residuos ou, no seu defecto, permitir a estes que poidan depositar o lixo en colectores debidamente preparados con limitación de franxas horarias para que estean o menor tempo posible na rúa.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medio ambiente, que sinala que esta queixa xa chegou ao concello. A empresa decidiu non recoller o lixo diario dos locais de hostalería neste tramo de rúa por que o deixaban na beirarrúa. Por normativa Covid pediron que se deixase de facer. Non é fácil encontrar unha ubicación para contedores novos. Hai contedores preto. Estudarase o tema. O volverán a mirar.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, que pregunta se se poderían adaptarse os soterrados para bolsas grandes.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, que sinala que habería que facer unha obra grande para cambiar o sistema, non so a boca.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula o rogo seguinte:

- No paseo existente entre o pub Ábacco e o río, que vai dende o Campo da Feira cara a rúa Recreo, existe unha zona de aproximadamente 8 metros de longo por 5 metros de ancho sen formigonado nin asfaltado, poñendo en perigo a deambulación da xente que camiña sobre dito espazo de terra, e con dificultades para transitar cadeiras de rodas.

Por todo elo, instamos ao Sr. Alcalde:

A que se formigone ou asfalte dito espazo de terra.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que este tramo é de propiedade privada, xa se chegou a un acordo cos propietarios e van a facer a cesión gratuíta ao concello. Coa obra de humanización da rúa do Muíño vai a procederse a súa execución.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Por desgraza a pouca sensibilidade medioambiental de algúns e/ou algunhas, ponse de manifesto, unha vez máis, no concello de Ordes en forma de vertedoiros incontrolados.

Neste caso nas parroquias de Lesta e Beán, con lixo de diversa procedencia (compoñentes electrónicos, plásticos, cristais, refugallos de obras, ...etc.) que foron depositados nas pistas de concentración parcelaria ou antigas estradas.

Nas ilustracións deste rogo vemos vertedoiros incontrolados na parroquia de Lesta e na parroquia de Beán.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

Por todo isto, instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que se proceda á recollida e posterior tratamento dos refugallos indicados.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medio ambiente, que sinala que xa se lle deu traslado á brigada de obras.

- Na parroquia de Pereira, á altura de Cercedo, o valado da AP9 non está en bo estado como pode comprobarse nas fotografías, o que pode supoñer a entrada de animais na autoestrada co conseguinte perigo para os vehículos que circulen pola autoestrada.

Por todo isto, instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A solicitar á concesionaria da autoestrada a reparación do valado.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non por esta, pero xa teñen unha comunicación da zona de Barbeiros. Xa se lle enviou un escrito á concesionaria para que faga unha revisión de toda a rede de separación das dúas vías de servizo en todo o tramo municipal. Espera que lle contesten, se non darase traslado tamén deste rogo que hoxe formulan.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Na resposta emitida pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica da Xunta de Galicia, con respecto á pregunta formulada polo BNG de Ordes no pleno ordinario do mes de xullo de 2020, a zona de Reboredo figura incluída no Plan de Banda Larga 2020 da Xunta de Galicia, indicando ademais que están as actuacións rematadas.

Porén, existen lugares na zona onde non foi instalada a fibra óptica, como por exemplo pode ser a Rúa do Freixo. Partindo da proximidade co resto de veciñanza que dispón do servizo e presupoñendo que debe existir unha igualdade á hora de dispor de acceso aos mesmos, non se entende esta situación.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A demandar á Xunta de Galicia a dotar de fibra óptica ás zonas de Reboredo que quedaron sen acceso ao servizo, como por exemplo pode ser a Rúa do Freixo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que pide que se lle concreten cales son. A rúa do Freixo está en solo urbano non consolidado, a día de hoxe non ten ningún poste de telefonía, polo que non hai por onde proceder á facer a extensión. Non sabe cal é o plantexamento nesta rúa cando a día de hoxe non hai ningunha vivenda e a urbanización correspóndelles aos propietarios cando se desenvolva ese solo. Tanto na parte de Reboredo, nas últimas vivendas, está conectada a través da AMTEGA un último emisor e na extensión de Lyntia na rúa Laranxal esta cuberta. Gustaríalle que lle aclare o seu plantexamento.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que o Alcalde o sabe por que precisamente os veciños das casas que non teñen acceso a esa banda viñeron ata o concello pedindo que se



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

ampliase a dotación de fibra óptica ás súas vivendas. A partir do cruce da rúa Laranxal cara adiante cara a zona de Reboredo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esa non é a rúa do Freixo, que é a que vai por detrás do cemiterio e vai a saír a Reboredo.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que esas persoas teñen como dirección rúa do Freixo co seu número.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esa non é a que esta incluída no rueiro municipal. A parte darriba esta incluída na rede de Lyntia. Non está completada a extensión.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que precisamente o que están pedindo é que se amplie para esta zona para dotala de fibra óptica. Solo urbano non consolidado por partes, hai zonas nas que si teñen a súa beirarrúa, vivenda construída, teñen todos os servizos e pagan contribución cada ano. Terán dereito como todo o mundo a ter acceso á fibra óptica.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que sigue a confundir a situación, no rueiro municipal a rúa do Freixo está toda en solo urbano non consolidado e non ten ningunha vivenda.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que haberá que corrixir a dirección desas vivendas que teñen esa dirección.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que con respecto ás que está falando na petición que se fixo de ampliación da rede de fibra óptica nas que están na parte de arriba na rúa do Castiñeiro e demais, que son as que saen do Piñeiro, que non é a rúa do Freixo, están incluídas na ampliación da rede de Lyntia, como está incluída unha parte da parte alta de Fonte Estrei, está incluída a zona de Penelas que tampouco estaba incorporada, unha parte pola parte superior da zona de Campomaior, unha zona en Vista Alegre, outra na parte superior do instituto IES nº 2 collendo parte da rúa Coruña, unha parte da travesía do Regueiro e da zona do Ceidón. Esa petición está feita cando os veciños a pediron, outra cousa é que a día de hoxe para esa actuación aínda non se pediu a licenza e está sen executar. Teñen executada a parte para a que teñen autorización de novembro de 2019. Na rúa do Freixo como entenden este rogo non ten obxecto ningún, a parte de arriba está solicitada e formulada. Agarda que estea feita para o ano 2021.

- Recentemente colgáronse carteis informativos da Policía Local avisando de que quedaba suspendida a recollida porta a porta do lixo para os comercios e locais de hostalería. Esta medida supón unha especial incidencia para os locais situados nas proximidades da Alameda de Ordes, onde unicamente existen contedores soterrados, os cales teñen unha boca de pequenas dimensións, que imposibilita ou dificulta en gran medida a introdución do volume de lixo que se xera neste tipo de locais.

Instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A colocar de xeito provisional, uns colectores de lixo nas inmediacións da Alameda de Ordes, para facilitar a comerciantes e hostaleiros/-as, o depósito do lixo xerado nos seus establecementos.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medio ambiente, que sinala que como lle dixo aos compañeiros do PSOE intentarase mirar outra solución. Estamos demasiado delimitados como para poder poñelos en calquera sitio. Onde di non lle van a autorizar a



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

poñelos, a instalación na estrada sen anclaxes non pode ser. Na Alameda pasa o mesmo, teñen o inconveniente de que os barreiros cando van co camiión teñen que ter acceso directo para os poder recoller. Intentarase mirar unha solución de xeito provisional.

Por último, ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros

Intervén o Sr. Iglesias Vietes, voceiro do grupo político UxO, que formula as preguntas seguintes:

- ¿Que medidas de prevención e vixilancia se van a adoptar no noso Concello tras a declaración dun novo de Estado de Alarma?

Intervén a Sra. García Gómez, en nome do goberno municipal, que sinala que as medidas que se veñen efectuando de maneira coordinada coas forzas e corpos de seguridade do estado dende xa vai meses, hai un control e parte diario do Covid-19. Pode pasar polo concello e os ve.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- Con respecto á senda peonil de Buscás:
  - ¿Por que motivo non se procedeu ao recuamento dos postes de teléfono, ou cando menos dos que quedan mais metidos na senda?.
  - ¿Teñen algún documento asinado coas persoas propietarias dos terreos conforme proceden á cesión dos mesmos ao concello de Ordes, ou que cando menos acredite dalgún xeito a súa dispoñibilidade?.
  - ¿Por que motivo existen tramos sen executar?.
  - ¿Vai ser recibida a obra con ríoglas que logo de sufrir roturas, foron repasadas con masa ou vanse substituír?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que todas as preguntas son referentes a unha obras POS+ Adicional 2018, ao cal o BNG non votou a favor, optou pola abstención, non debía de estar moi de acordo con esta obra. a obra non está acabada. Non hai ningún documento asinado pero si existe un acordo verbal con todos en canto xa está executado o recuado dos mojóns, hai cesións gratuítas, o pode comprobar cos propietarios. Existe un único tramo sen executar de 27 ml onde hai unha discrepancia co deslinde, se non se chega a un acordo procederáse á expropiación dos metros que resulten, que estima poden ser uns 15 m2. As ríoglas in situ é unha mellora que fixo o contratista, poñer ríogla prefabricada. Vanse a facer as reparación oportunas. Para aclarar, o proxecto foi ben plantexado de inicio, foi a Dirección Xeral de Patrimonio a que obrigou a facer a modificación da senda. Nun primeiro momento non a querían deixar executar e a plantexaban en zorra coas dimensións iniciais. A continuación houbo que ampliar o vial de 5 a 6 m e a senda de 1,50 a 1,80 incluíndo a ríogla. Encontráronse coa situación de que nalgúns puntos invadían 30, 40, 50 cm nalgunhas das propiedades por que non todos os mojóns estaban perfectamente aliñados. É certo que cando se procedeu á limpeza non estaban aínda convocados os veciños, habería que ter esperado á semana



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 15

seguinte para a limpeza de 350 m. Asume na súa persoa ese error, na semana seguinte foise alí coa documentación explicouse o que había e seguían tendo unha solución ou deixar a estrada con 5 m ou pasar a estrada con 6 m e facer esas ocupacións. De maneira unánime optouse por ampliar eses 50 cm e que toda a xente fixese a cesión gratuíta. Tamén lle hai que gañar terreo á cuneta na marxe dereita baixando. Teñen o inconvinte deses 27 ml dun único propietario que se resolverá pagando o que marque a lexislación. Poden estar tranquilos os veciños de Buscás, esta obra é un cambio para esta zona do camiño, unha seguridade importante na zona de Vilariño.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que non lle respostou se se tiña algún documento sobre a cesión ou dispoñibilidade dos terreos. Seguen sen saber por que non se procedeu ao recuamento dos postes de teléfono.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que lle dixo que a obra non estaba acabada de executar.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que pregunta se van a arrancar agora os poste cando esta formigonada, a beirarrúa acabada arredor deles.

Intervén o Sr. Alcalde, que repite que a obra non está acabada de executar.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que pide que non terxiverse, non diga que non estamos moi de acordo coa obra. Ao mellor non están de acordo en como se está facendo. Non é que non estean de acordo coa abstención na votación das obras do POS+, ao mellor non estaban de acordo por que non se metían outro tipo de obras tamén a parte desa. Pide que lle aclare se hai algún documento que acredite efectivamente que teñen a cesión dos terreos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que lle respostou que non pero que hai un acordo verbal con todos e cada un deles para o recuado dos mojóns, ocupación e cesión gratuíta dese espazo.

- Con respecto á moción do BNG de Ordes sobre o PAC e o servizo de atención primaria de Ordes, a cal foi aprobada polo pleno da corporación municipal celebrado en sesión ordinaria no mes de setembro:

¿Mantívose desde o goberno municipal algún tipo de conversa coa Consellería de Sanidade ao respecto?

¿Existe algunha concreción sobre medidas a aplicar para resolver o problema?

Intervén a Sra. García Gómez, en nome do goberno municipal, que sinala que se remitiu á Xerencia do Sergas o 22/10/2020, rexistro SYR 2771 e á Consellería de Sanidade o 23/10/2020 co rexistro SYR 2787. Aínda non respostaron.

- Recentemente levouse a cabo unha corta de arborado ao pé do camiño Inglés ao seu paso pola zona do Piñeiro na parroquia de Montaos. Ademais, a veciñanza tennos manifestado en varias ocasións dúbidas con respecto aos trámites que se deben seguir nas plantacións forestais. É polo que a este respecto preguntamos o seguinte:

¿Precísase ou estase a esixir algún tipo de trámite para proceder a levar a cabo unha plantación forestal nunha parcela?.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 16

¿Precísase ou estase a esixir algún tipo de trámite para proceder á corta dunha plantación forestal nunha parcela?.

¿Tense constancia no concello sobre a existencia de autorización para a corta realizada recentemente na zona do Piñeiro, da parroquia de Montaos, ao pé do Camiño Inglés?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non se está a falar en ningún caso dun uso ou aproveitamento urbanístico. Non hai competencia a nivel municipal para un trámite para proceder a levar a cabo unha plantación forestal nunha parcela. Tampouco hai competencia para esixir un trámite para proceder á corta dunha plantación forestal nunha parcela. Autorización para esa corta a ten que realizar o titular ou madeirista directamente coa Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Nas cortas de frondosas cando é máis dunha ha necesitan aprobación dun plan de corta elaborado por un enxeñeiro forestal, menos dunha ha é o propio axente forestal o que se despraza á parcela, fai referencia ao tipo de tala e actuación nesa propiedade, emite o informe, a partir de aí resolve a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural cun informe vinculante.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que hai moitas dúbidas ao respecto. A xente non sabe que facer, tense achegado ao concello para preguntar. Hai que pedirlle á Xunta un permiso para prantar.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que está regulado na lei de montes. Se o uso é forestal tense que adaptar ás súas condicións coas distancias de recuado. Se quere facer un cambio de uso ten que tramitar un cambio de uso.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás **vinte** horas e **vinte e sete** minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

**O ALCALDE-PRESIDENTE**

**O SECRETARIO**